

# MÚSICA E ARTE

## CORRESPONDENCIAS SONORAS

### CICLO DE CONCERTOS

CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA  
abril-novembro 2011



Jim Hodges: *The Bells*, 2002

No ano 2011 van ser tres as mostras do CGAC que terán o seu contrapunto musical no ciclo de concertos deseñado por *fonos21*: unha exposición sobre a artista italobrasileira Anna Maria Maiolino, producida pola Fundación Tàpies en colaboración co CGAC e o Malmö Konsthalle; unha mostra colectiva titulada *Estades preparados para a televisión?* e coproducida polo CGAC e o MACBA de Barcelona, e por último, a mostra individual do artista norteamericano Jeff Wall, que pechará o programa anual de exposicións.

O primeiro dos concertos, inspirado na obra de Anna Maria Maiolino, pon o acento nas dicotomías, na preocupación da artista pola linguaxe e pola utilización de xestos primarios e movementos repetitivos. Para visualizar estes aspectos da súa obra escolleuse unha combinación instrumental que presenta unha clara dualidade: o mundo do sopro a través do cuarteto de saxofóns (*S@X21*, Galicia) e a natureza acústica das cordas (*Quarteto de cordas de Matosinhos*, Portugal), cun programa que explora as posibilidades da linguaxe e da fala nun contexto instrumental, a transformación de diferentes naturezas acústicas e o movemento vinculado á figuración e ao son.

A proposta musical ligada á mostra *Estades preparados para a televisión?* presenta, entre outros, títulos como *Trash TV France* ou *Propaganda*, e inclúe música electrónica en vivo combinada con instrumentos acústicos e coa guitarra eléctrica que, aínda que inicialmente estivo vinculada ás músicas populares coma o rock ou o jazz, foi asimilada desde hai tempo pola música clásica contemporánea.

Para o terceiro concerto, a agrupación galega Vertixe Sonora presenta un programa concibido como un *retrato sonoro* arredor da obra do fotógrafo Jeff Wall: cinco pezas, todas encargas e estreas absolutas da *ensemble*, amosan a visión ou interpretación que da obra deste artista canadense fan cinco compositores novos de estéticas diferentes.

Este ciclo, que está directamente vinculado coa creación musical do século vinte e un, presenta oito estreas absolutas, encargadas por *S@X21* e *Vertixe Sonora* a varios representantes dunha nova, interesante e creativa xeración de compositores do panorama internacional: Jacobo Gaspar (Pontevedra, 1975), Xabier Mariño (Ponteareas, 1983), Ramón Souto (Vigo, 1976), Lula Romero (Palma de Mallorca, 1976), Germán Alonso (Madrid, 1984), Víctor Ibarra (Guadalajara, México, 1978), Yoshiaki Onishi (Hokkaido, Xapón, 1981), Mauricio Pauly (San José, Costa Rica, 1976), ademais de cinco

En el año 2011 serán tres las muestras del CGAC que tendrán su contrapunto musical en el ciclo de conciertos diseñado por *fonos21*: una exposición sobre la artista italobrasileña Anna Maria Maiolino, producida por la Fundación Tàpies en colaboración con el CGAC y el Malmö Konsthalle; una muestra colectiva titulada *¿Estáis listos para la televisión?* y coproducida por el CGAC y el MACBA de Barcelona, y por último, la muestra individual del artista norteamericano Jeff Wall, que cerrará el programa anual de exposiciones.

El primero de los conciertos, inspirado en la obra de Anna Maria Maiolino, pone el acento en las dicotomías, en la preocupación de la artista por el lenguaje y por la utilización de gestos primarios y movimientos repetitivos. Para visualizar estos aspectos de su obra se escogió una combinación instrumental que presenta una clara dualidad: el mundo del sopro a través del cuarteto de saxofones (*S@X21*, Galicia) y la naturaleza acústica de las cuerdas (*Quarteto de cordas de Matosinhos*, Portugal), con un programa que explora las posibilidades del lenguaje y del habla en un contexto instrumental, la transformación de diferentes naturalezas acústicas y el movimiento vinculado a la figuración y al sonido.

La propuesta musical ligada a la muestra *¿Estáis listos para la televisión?* presenta, entre otros, títulos como *Trash TV France* o *Propaganda*, e incluye música electrónica en vivo combinada con instrumentos acústicos y con la guitarra eléctrica que, aunque inicialmente estuvo vinculada a las músicas populares como el rock o el jazz, fue asimilada desde hace tiempo por la música clásica contemporánea.

Para el tercer concierto, la agrupación gallega Vertixe Sonora presenta un programa concebido como un *retrato sonoro* entorno a la obra del fotógrafo Jeff Wall: cinco piezas, todas encargos y estrenos absolutos de la *ensemble*, muestran la visión o interpretación que de la obra de este artista canadiense hacen cinco jóvenes compositores de estéticas diferentes.

Este ciclo, que está directamente vinculado con la creación musical del siglo veintiuno, presenta ocho estrenos absolutos, encargados por *S@X21* y *Vertixe Sonora* a varios representantes de una nueva, interesante y creativa generación de compositores del panorama internacional: Jacobo Gaspar (Pontevedra, 1975), Xabier Mariño (Ponteareas, 1983), Ramón Souto (Vigo, 1976), Lula Romero (Palma de Mallorca, 1976), Germán Alonso (Madrid, 1984), Víctor Ibarra (Guadalajara, México, 1978), Yoshiaki Onishi (Hokkaido, Japón, 1981), Mauricio Pauly (San José, Costa Rica, 1976), además de cinco

estreas en España de Georges Aperghis (Atenas, 1945) e Franck Bedrossian (Francia, 1971), Helmut Oehring (Berlín, Alemaña, 1971), Pedro Rebelo (Portugal, 1972) e Fausto Romitelli (Italia, 1963-2004).

#### PROGRAMA

Os concertos terán lugar no auditorio do CGAC ás 20:30 h.

A entrada é de balde e limitada á capacidade da sala.

Antes de cada concerto, ás 19:00 h, realizaranse visitas guiadas ás exposicións do centro conducidas por profesionais do ámbito cultural e artístico.

12 ABRIL

#### Dicotomías

S@X21 (cuarteto de saxofóns), Quarteto de cordas de Matosinhos e Anne Schlossmacher (viola)

**Georges Aperghis** *Crosswind* (1997)\*  
viola e cuarteto de saxofóns

**Thierry de Mey** *Musique de Tables* (1987)  
3 intérpretes

**Xacobe Gaspar** *Metamorfose da luz* (2010)\*\*  
saxofón alto e cuarteto de corda

**Helmut Oehring** *Love In* (2006)\*  
cuarteto de corda e 4 saxofóns

(*Doppelquartett mit Henre*)

I. *Locked*

II. *Passion*

28 DE XUÑO

#### Sound TV / TV sons (propaganda)

S@X21 (cuarteto de saxofóns), Rubén Barros (guitarra eléctrica) e Xabier Mariño (electrónica)

**Pedro Rebelo** *Exposure* (2009/10)\*  
cuarteto de saxofóns e electrónica en vivo

**Fausto Romitelli** *Trash TV France* (2002)\*  
guitarra eléctrica

**Xabier Mariño** *Noso soN* (2011)\*\*  
4 saxofóns barítonos e electrónica en vivo

**Germán Alonso** *Nova obra* (2011)\*\*  
guitarra eléctrica e 4 saxofóns

**Franck Bedrossian** *Propaganda* (2008)\*  
cuarteto de saxofóns e electrónica en vivo

29 DE NOVIEMBRE

#### Jeff Wall: retrato sonoro

Ensemble Vertixe Sonora (flauta, saxofón, violoncello, contrabaixo, piano e percusión)

Obras de Víctor Ibarra, Yoshiaki Onishi, Mauricio Pauly, Lula Romero e Ramón Souto\*\*\*

\* Estrea en España / \*\* Estreas absolutas. Encargos de S@X21 / \*\*\* Estreas absolutas. Encargos de Vertixe Sonora

DIRECCIÓN DO CICLO: Pablo Coello

COORDINACIÓN: Cristina Trigo

CGAC

SERVIZO DE ACTIVIDADES E PROXECTOS EDUCATIVOS

Rúa Ramón del Valle Inclán s/n, 15704 Santiago de Compostela

Tel.: 981 546 623 / cgac.actividades@xunta.es / www.cgac.org

estrenos en España de Georges Aperghis (Atenas, 1945) y Franck Bedrossian (Francia, 1971), Helmut Oehring (Berlín, Alemania, 1971), Pedro Rebelo (Portugal, 1972) y Fausto Romitelli (Italia, 1963-2004).

#### PROGRAMA

Los conciertos tendrán lugar en el auditorio del CGAC a las 20:30 h.

La entrada es gratuita limitada al aforo de la sala.

Antes de cada concierto, a las 19:00 h, se realizarán visitas guiadas a las exposiciones del centro conducidas por profesionales del ámbito cultural y artístico.

12 ABRIL

#### Dicotomías

S@X21 (cuarteto de saxofones), Quarteto de cordas de Matosinhos e Anne Schlossmacher (viola)

**Georges Aperghis** *Crosswind* (1997)\*  
viola y cuarteto de saxofones

**Thierry de Mey** *Musique de Tables* (1987)  
3 intérpretes

**Xacobe Gaspar** *Metamorfosis de la luz* (2010)\*\*  
saxofón alto y cuarteto de cuerda

**Helmut Oehring** *Love In* (2006)\*  
cuarteto de cuerda y 4 saxofones

(*Doppelquartett mit Henre*)

I. *Locked*

II. *Passion*

28 JUNIO

#### Sound TV / TV sos (propaganda)

S@X21 (cuarteto de saxofones), Rubén Barros (guitarra eléctrica) e Xabier Mariño (electrónica)

**Pedro Rebelo** *Exposure* (2009/10)\*  
cuarteto de saxofones y electrónica en vivo

**Fausto Romitelli** *Trash TV France* (2002)\*  
guitarra eléctrica

**Xabier Mariño** *Noso soN* (2011)\*\*  
4 saxofones barítonos y electrónica en vivo

**Germán Alonso** *Nueva obra* (2011)\*\*  
guitarra eléctrica y 4 saxofones

**Franck Bedrossian** *Propaganda* (2008)\*  
cuarteto de saxofones y electrónica en vivo

29 NOVIEMBRE

#### Jeff Wall: retrato sonoro

Ensemble Vertixe Sonora (flauta, saxofón, violonchelo, contrabajo, piano y percusión)

Obras de Víctor Ibarra, Yoshiaki Onishi, Mauricio Pauly, Lula Romero y Ramón Souto\*\*\*

\* Estreno en España / \*\* Estrenos absolutos. Encargos de S@X21 \*\*\* / Estrenos absolutos. Encargos de Vertixe Sonora

DIRECCIÓN DEL CICLO: Pablo Coello

COORDINACIÓN: Cristina Trigo

fonos21

XUNTA  
DE GALICIA